

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XULLO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de xullo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de xullo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓN DUN (1) TRABALLADOR AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2024, acordouse a contratación de dous (2) postos de traballo de

socorristas, para os que foi solicitada subvención ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 105, do 31/05/24).

Con posterioridade ao acordado, a candidata seleccionada Lorena Pereiro Taboada, comunicou ao Concello a súa renuncia expresa por ter sido seleccionada previamente para traballar no concello lindeiro de Dozón. Ao quedar vacante un dos postos de traballo ofertados, de conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a solicitar unha ampliación da oferta xenérica inicialmente presentada ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dun novo/a candidato/a ao posto de traballo vacante (RS núm. 464, do 01/07/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación cun único candidato:

Socorrista (oferta núm. ██████████)

— Bernárdez Vilar, Alejandro

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ao candidato preseleccionado un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante o prazo concedido, presentou a documentación o seguinte único candidato:

— Bernárdez Vilar, Alejandro (RE núm. 1145, do 11/07/24)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte do candidato presentado dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoo ao proceso selectivo.

Procédese deseguido á valoración dos méritos do candidato admitido, co seguinte resultado:

| CANDIDATO | CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS | SITUACIÓN FAMILIAR | SITUACIÓN DESEMPREGO | FORMACIÓN ACADÉMICA | TOTAL |
|---------------------------|----------------------------|-----------------------|-------------------------|------------------------|-------|
| Alejandro Bernárdez Vilar | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 |

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período dun (1) mes e vinte e sete (27) días, do traballador que deseguido se sinala:

Socorrista (37,5 horas/semana)

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---------------------------|------------|
| ALEJANDRO BERNÁRDEZ VILAR | ██████████ |

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA CUBRIR DE XEITO TEMPORAL UN POSTO DE TRABAJO DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que no Boletín Oficial del Estado núm. 138, do día 7 de xuño do corrente, publícase a convocatoria para a provisión como persoal laboral de fixo dos postos de traballo incluídos na Oferta Pública de Emprego aprobada no seu día, de conformidade coas bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2022.

Estando a esta data o proceso selectivo en marcha faise necesario para o interese público a provisión de determinados postos de traballo que se atopan vacantes pero que se corresponden con servizos públicos de carácter esencial para a comunidade, tales como a axuda no fogar a dependentes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta

da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación temporal por substitución, para cubrir o seguinte posto de traballo durante o proceso de selección ata a súa cobertura definitiva, por un período máximo de tres meses, da seguinte traballadora:

- ✓ ROSA MARÍA BELEDA PRESAS, con DNI núm. [REDACTED], no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, a tempo completo (37,5 horas/semana).

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE DE “ACAMPADA XUVENIL”

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar unha actividade consistente nunha acampada no monte de Suíme, que se desenvolverá os días 12, 13 e 14 de xullo. O obxectivo desta actividade é que a mocidade goce do contacto coa natureza e desconecte de todo o que os distrae durante unha fin de semana. Trátase dunha alternativa de lecer ao aire libre que pretende darlle oportunidades aos mozos para que cooperen entre eles e estreite os lazos de unidade contacto coa natureza xerando unha actividade saudable con diferentes actividades deportivas e ambientais.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade dirixese a nenos/as e rapaces/as con idades comprendidas entre os 9 e os 14 anos, ambas inclusive.
- ✓ Establécese un número máximo de 15 inscritos/as.
- ✓ Fíxase un prezo de 35 € por inscrito/a, que incluírá almorzo, comida, merenda e cea, aluguer de tendas, autobús, actividades e outros materiais. Non inclúe o saco de durmir. Cando se inscriban varios/as irmáns/ás de xeito simultáneo, o/a segundo/a irmán/á e sucesivos terán un desconto dun 50%.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 2.917,20 €
Por seguro anual da póliza de danos en instalacións e edificios municipais, s/factura núm. 75202419900020005571 (FACe).
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 91,90 €
Por subministro de calzado de traballo para auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. A2405.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 68,73 €
Por subministro de reactivos para a piscina municipal, s/factura núm. FV/00002590 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 568,70 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A/124944 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 536,71 € E 184,53 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 10508 e C 10509.
- COSAPLAG S.L.U. 135,08 €
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20242035 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 2.221,20 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10507.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.312,99 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xuño de 2024, s/factura núm. FA – 1248.

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “Rodeiro de tapas”, s/factura núm. P24/004796 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 151,25 €
Por traballos de imprenta para a iniciativa “Rodeiro de tapas”, s/factura núm. 24420 (FACe).
- GALICARTÓN S.L. 173,33 €
Por subministro de urnas para a iniciativa “Rodeiro de tapas”, s/factura núm. 2024/389.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)